

## COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

En Vigo a 17 de Agosto de 2022

### **COPA GALICIA 2022.Senior Masculina. OITAVOS DE FINAL**

**Encontro.- DISTEVI SEIS DO NADAL – GRANITOS IBERICOS CARBALLAL**

Recibida información do departamento de Administración da Federación Galega de Balonmán, en relación coas incidencias acontecidas en relación coa non celebración do encontro de Oitavos de Final, Distevi Seis Nadal – Granitos Ibéricos Carballal, procede realizar as seguintes consideracións e acordos.

### FEITOS

**PRIMEIRO**.- A celebración da Copa Galicia foi aprobada en Asamblea Xeral Ordinaria de 12 de Xuño de 2022.

O 21 de Xullo de 2022 enviouse a todos os Clubes as Bases de Competición coas diferentes eliminatorias.

A eliminatoria “A” que enfrentaría aos equipos sinalados, debería disputarse entre o 08 e o 14 de Agosto

**SEGUNDO**.- O Clube local non comunicou a data de celebración do encontro ata o día 12 de Agosto ás 14.00 horas, propoñendo a súa celebración o día 14 de Agosto ás 12.00 horas.

Dita data carecía de conformidade do clube visitante, A. D. Carballal, sen a cal, por razón obvias como consecuencia do incumprimento dos prazos de fixación de datas do encontros, era imprescindible.

O encontró non se disputou.

**TERCEIRO.**- O día 12 de Agosto de 2022, única data válida proposta para o encontro, o Clube Granitos Ibéricos A. D. Carballal carecía de xogadores autorizados para poder xogar o mesmo, incumprindo tamén os prazos de validación dos mesmos para poder competir en competicións oficiais da Federación Galega de Balonmán. Non é ata o propio venres pola tarde, cando remite a documentación pendente, e só de 5 xogadores.

Pola súa banda o Clube Distevi Seis do Nadal tampouco posuía o número mínimo de fichas validadas suficientes (8)

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.**- Os artigos 6 e 23 do NO.RE.BA.GA esixen que 10 días antes do inicio do campeonato correspondente, os clubes deberán dispor do mínimo de xogadores para disputala dacordo co dispuesto no art. 37 do NO.RE.BA.GA.

Ambos Clubes incumprían dita norma, pois non contaban cos xogadores mínimos autorizados, que no caso do A. D. Carballal, só eran 5, e que foron remitidos a federación o venres día 12 pola tarde. Polo tanto, á vista desta situación, o encontró tampouco podería terse disputado ao carecer de xogadores autorizados para elo.

**SEGUNDO.**- O artigo 19 f) do NO.RE.BA.GA. esixe que a data dos encontros se comunique ben o luns anterior a celebración da xornada, ben 5 días antes, ben 10 días antes, segundo cada caso. No presente, ademais de incumprise o prazo, debeu ser a Federación Galega de Balonmán, a que, dada a actitude pasiva de ambos clubes, insistiu na necesidade de que se fixara un día e hora entre o 08 de 14 de Agosto.

**TERCEIRO.**-Sinalan as Bases de Competición da Copa Galicia Senior Feminina que “*A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obligatorio para todos os clubs implicados; no caso de que*

calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algúen encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm

**CUARTO.**- Ante a evidencia de que o encontro non se disputou, e coas consecuencias que esto conleva para o desenvolvemento do resto da competición, xunto cos palmarios incumprimentos de ambos clubes, procede impoñer as seguintes sancións.

Por todo elo, vistos os preceptos citados e demais normas de aplicación,  
**ACORDA**

Sancionar, dacordo co establecido nas Bases de Competición desta Copa, e consonte ao disposto no art. 48 e) do RRDG, a o equipo Granitos Ibéricos A.D. CARBALLAL e ao equipo Distevi SEIS DO NADAL, coa PÉRDIDA DO DEREITO a participar nesta competición da COPA GALICIA 2022 Senior Masculino.

Impoñer unha multa de CENTO VINTE EUROS (120 euros) ao Clube Seis Do Nadal pola comisión dunha infracción do art. 53 i) do RRDG en relación co art. 19 f) do NO.RE.BA.GA., por non ter sinalado data e hora do encontro nos prazos establecidos.

Impoñer unha multa de SETENTA E CINCO EUROS (75,00 euros) ao Clube Seis Do Nadal por non dispor do número mínimo de xogadores para disputar o encontro a falta de 2 días para que expirase o prazo de disputa do encontro (14 de Agosto)

Impoñer unha multa de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 euros) ao Clube A.D. Carballal por non ter tramitado ata o día 12 de agosto pola tarde a documentación de ningún xogador para xogar o encontro a falta de 2 días para que expirase o prazo de disputa do encontro (14 de

Agosto). Todo elo dacordo co establecido no art. 53 H e K) do RRDG en relación cos art. 6 e 23 do NO.RE.BA.GA.

O gañador da Eliminatoria B de Oitavos de Final de esta Copa, U.B. LAVADORES A, pasa en consecuencia con esta resolución, directamente á Semifinal 1.

Contra esta resolución poderase interpoñer Recurso ante o COMITÉ TERRITORIAL DE APELACIÓN no PRAZO MÁXIMO DE DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte o da súa notificación, previo pago das taxas correspondentes, cuxo importe TRINTA EUROS (30€) deberá remitirse por medio de cheque xunto co escrito do recurso. Todo iso segundo establecen os artigos 110 e seguintes do RRDg e o 52 f) do NOREBAGA.

Este acordo notificarase aos, segundo establece o art. 52 c) do NO.RE.BA.GA por medio de correo ordinario, fax ou e-mail.

Vigo, 17 de Agosto de 2022

**COMITE DE COMPETICION  
DA FEDERACION GALEGA DE BALONMAN**

Asdo.- Ismael Gómez Solla